



FUNCIONAMENTO XERAL DA BIBLIOTECA

- Todas as persoas relacionadas co centro, teñen dereito a utilizar as instalacións e fondos da biblioteca sempre que en ela se encontre algún profesor que se faga responsable da mesma.
- Cando se utilice a biblioteca para o desenvolvemento dalgunha actividade programada polo Centro, esta terá prioridade sobre as demais. Unha vez programadas, serán notificadas con antelación co fin de coordinalas e para que figuren no correspondente "cadro horario" que se expoña na propia biblioteca e na sala de profesores (caderno de reserva de biblioteca).
- En horas lectivas, os alumnos acudirán a ela en grupos (completos ou non) se alí van a realizar algunha actividade relacionada, pero sempre acompañados por un profesor.
- Os alumnos poderán acudir en horario lectivo a realizar as súas tarefas, sempre que haxa un profesor responsable na biblioteca nese momento.
- Durante os recreos, sempre que haxa postos dispoñibles, os alumnos poderán asistir tamén se desexan facer uso do sistema de préstamo (documentos de normas ao respecto) o para realizar tarefas individuais, en relación coa biblioteca, pero nunca para permanecer nela como lugar substituto do patio. Nestes casos:
 1. O número máximo admisible será de 25 alumnos.
 2. Unha vez producido o acceso, permanecerase aí ata a finalización do recreo (evitar o efecto de entrar e saír sen causa que o xustifique).
 3. Todas as persoas presentes na biblioteca comprométense a garantir o silencio, comportamento e actitude pertinentes, que sexan compatibles coas actividades que se poidan realizar na sala (lectura, consulta,...)
 4. O respecto ás instalacións, materiais e equipamentos, tamén é indispensable e obrigado.

